De acordo co apuntado no apartado referido a "Competencias/Obxectivos", o Máster iniciouse no ano académico 2007-2008, período no que ningunha das tres universidades galegas tiñan instaurado os ensinos de Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, razón pola cal a Comisión Interuniversitaria do Máster procedeu a modificar o seu plan de estudos para o curso académico 2010-2011. Esa modificación consistiu basicamente en reducir a súa duración de bienal a anual, dotándoo de 60 créditos ECTS, e en adecuar as materias á súa nova estrutura. Con iso resolvíanse os problemas de que algunha das materias antes ofertada fose impartida previamente no Grao; e de que se producise unha certa disfuncionalidade ocasionada polo carácter bienal que impedía a matrícula dos estudantes cuxos estudos no Grao, a Diplomatura ou a Licenciatura, finalizaban no ano en que se impartía o segundo curso. Ao tempo, apostouse por unha maior especialización do alumnado que lles permitiría alcanzar as competencias adecuadas ás necesidades do mercado de traballo, de xeito que cada unha das tres universidades ofertaban unha especialidade diferente: "Xestión Sociolaboral" na Universidade de Santiago de Compostela, "Dirección Laboral das Empresas" na Universidade de Vigo, e "Recursos Humanos" na Universidade de A Coruña.

Así as cousas, o Máster oferta na actualidade un total de 108 créditos ECTS, dos cales o alumno deberá cursar 60, divididos en dous cuatrimestres. No primeiro, impartiranse as materias obrigatorias xerais (24 créditos, distribuídos en seis materias de 3 créditos e unha de 6), co obxectivo de introducir aos alumnos en cuestións fundamentais para darlles as condicións que lles permitan abordar as materias da especialidade. Mentres que no segundo cuatrimestre, atópanse as materias obrigatorias da especialidade (24 créditos), destinadas a facilitar ao alumno a profundar nos contidos impartidos durante o resto do curso; as prácticas externas (6 créditos) que se efectúan en entidades (empresas, Administracións públicas, asesorías e despachos de avogados, ata un total de 61) relacionadas coa temática do Máster e que deben finalizar, como data límite, o 31 de agosto; e o traballo fin de máster (6 créditos), consistente na realización dun proxecto ou estudo en que se aplique e desenvolva os coñecementos adquiridos no Máster, o cal será xulgado por unha comisión tras a súa exposición oral no mes de xullo ou, opcionalmente, no de setembro. Para a súa presentación é condición *sine qua non* o superar a totalidade dos créditos obrigatorios establecidos no plan de estudos.

A estratexia na reelaboración do plan de estudos do Máster atopábase en utilizar como base os estudos dos Graos en Relacións Laborais, pois o alumno que os cursa ten o perfil natural e as competencias máis adecuadas aos contidos do aquel e ás súas saídas profesionais. Nestes momentos, pódese dicir que dita estratexia cumpriu as metas e expectativas perseguidas, tanto na selección dos contidos propios desenvolvidos en materias, canto na coordinación e organización delas. Ata máis, sorprendeu a repercusión do Máster en alumnos procedentes doutras titulacións próximas nalgúns ámbitos ao Grao de Relacións Laborais, talles como Psicoloxía, Economía, Administración de Empresas, Ciencias Políticas e Dereito. Tamén é destacable que os alumnos sexan cada vez máis conscientes das competencias que necesitan para cursar os estudos, o que se debe a unha mellor campaña de información dende cada un dos centros.

Os datos facilitados sobre este extremo na Universidade de A Coruña indican que no curso 2011-2012, seis alumnos procedían da Licenciatura de ADE, tres da Diplomatura de CC. Empresariais, un da Licenciatura de Contaduría Pública (Venezuela). Os outros nove restantes distribuíanse como segue: sete da Diplomatura de Relacións Laborais, dúas do Grao Relacións Laborais e RRHH e un da Licenciatura de Ciencias do Traballo. Neste caso, a maioría do alumnado non cursara os seus estudos no estrito ámbito das relacións laborais. No que concirne á Universidade de Santiago de Compostela, non se pode facilitar cifras por falta de subministración de datos xa que se conta só con referencias sobre a nota de entrada. Así, no curso 2009-2010 o 51,7% dos alumnos matriculados tiñan unha nota media inferior a 6, e no 2011-2012 a porcentaxe reduciuse ao 38,9%, o que constitúe un indicio de mellora da cualificación do estudantado. Paralelamente, os estudantes que accederon cunha nota superior a 6 se incremento moi moderadamente, do 48,3% no ano 2009-2010 ao 50% no 2011-2012. Non temos datos da Universidade de Vigo porque non puido impartir o Máster ata o ano 2012-2013.

En todo caso, tres son as cuestións cotiás de xestión do Máster que merecen o noso detemento:

1. As guías docentes, que son revisadas e publicadas, tras a aprobación do correspondente consello de Departamento e de cada unha das tres comisións académicas do Máster, cada ano, con indicación de competencias, contidos, metodoloxías e sistema de avaliación.
2. As prácticas externas, que son obrigatorias e que poden ser propiciadas polos propios alumnos ou asignadas directamente pola Universidade. Existe información exhaustiva sobre estas na páxina web de cada Universidade. Ademais, en cada Universidade, faise público o listado de institucións, empresas e entidades colaboradores ao respecto, así como a relación de titores. No que atinxe á Universidade de Santiago de Compostela, sería desexable que ela mesma buscase e xestionase os convenios de colaboración con cada unha daquelas en lugar de atribuír esa función á coordinación do Máster, o que resulta esgotador en especial polas especiais dificultades que se están a padecer. En canto á Universidade de A Coruña, que conta con datos certos sobre iso, apúntase que a valoración da organización de tales prácticas no ano 2012-2013 alcanza 2.19 puntos, razón pola cal se debe emprender algunha acción de mellora.
3. Os traballos fin de másters, para os que cada Universidade conta coas súas propias regras. Xustamente na Comisión Académica do Máster na Universidade de Santiago de Compostela, de 14 outubro 2013, aprobouse o novo regulamento que os regula -aínda pendente de aplicación efectiva dado que debe ser sancionado polo Consello de Goberno-, que conta con dúas novidades principais. Por unha parte, os profesores pasen a ser titores e non directores dos TFM, de sorte que é o alumno o que debe decidir ou non a súa defensa. E pola outra a posibilidade de atribuír a dirección de tales traballos a profesores sen docencia no Máster pero membros das Áreas de Coñecemento que imparten as materias. Esta última opción recibíuse con agrado habida conta que se conta con 44 alumnos matriculados (32 de nova matrícula), dos cales 12 proceden do curso pasado ao non ter defendido os seus TFM no ano académico 2012-2013, ben por falta de tempo (a causa máis común é compatibilizar o traballo co estudo), ben por falta de autorización dos directores habida conta a súa baixa calidade. Con iso, o número de profesores con docencia efectiva no Máster é moi reducido para atender á demanda de TFM que, en canto se aprobe de forma definitiva o Regulamento, haberá que tutelar.
 A Universidade de A Coruña, polo seu lado, conta cunha guía, publicada nun apartado específico da web da Universidade, na que se fai mención do procedemento para asignación dos titores, o calendario de depósito e defensa, así como a forma da asignación dos traballos. O mesmo propón a Universidade de Vigo
 Ambas as dúas Universidades (a través da Comisión Interuniversitaria do Máster reunida o xoves 7 de novembro de 2013), mostraron o seu interese pola reforma do Regulamento dos TFM efectuada na Universidade de Santiago de Compostela co fin de harmonizar as regras entre as tres entidades na medida do posible, pois iso non é competencia da citada Comisión.
 En fin, na Universidade de Santiago de Compostela, decidiuse crear nomear, en cumprimento do *Regulamento de TFM*, a un profesor como *Coordinador dos traballos fin de máster*, con fin de que asuma as relacións con departamentos con docencia no máster para recabar os temas e títulos dos traballos; as relacións con alumnos que poden propiciar un titor do traballo o poden pedir que lle sexa atribuído polo coordinador; e a fixación do calendario. Pénsase que con isto vaise a axilizar os trámites burocráticos e ofrecer unha maior eficacia.
 Enténdese que na Universidade de Vigo esta figura non é prioritaria pois na estrutura administrativa do Máster contan cun director académico e cunha coordinadora.

Boas prácticas:

- Publicación de guías docentes institucionalizadas.
- Reunións de coordinación para evitar solapamentos.
- Publicación de información das Prácticas Externas.
- Publicación de información do Traballo Fin de Máster.

Propostas de mellora:

- Instar ás tres Universidades para que harmonizan a súa normativa sobre os traballos fin de máster, polo menos nos másteres interuniversitarios.
- Mellorar a coordinación entre as tres Universidades en materia de coordinación das materias e da descrición dos seus contidos, cuestión que será competencia da Comisión Interuniversitaria do Máster.
- Instar á Universidade de Santiago de Compostela para que coordine e xestione a busca das entidades e a celebración de convenios con estas para a realización das prácticas externas.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

--	--

Recursos humanos

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	X	Suficiente		insuficiente		Ausencia de evidencias documentais	
---------------	---	------------	--	--------------	--	------------------------------------	--

Reflexión (xustificación da valoración)/ Conclusións:

O profesorado que imparte docencia no Máster posúe a cualificación e experiencias necesarias para o desenvolvemento do programa formativo. Todos eles contan cunha actividade docente de máis de dez anos. Na Universidade de Santiago de Compostela, dos trece profesores con docencia no Máster, nove son doutores e suman catorce sexenios, de modo que a porcentaxe de PDI funcionario elévase ao 64,3% (fronte ao 40% do ano 2009-2010); e tres teñen dedicación a tempo parcial, co cal achegan a súa experiencia práctica procedente do ámbito da avogacía e da Administración de Xustiza. Na Universidade de A Coruña, dos vinte e dous profesores con encargo docente, trece son doutores e contan con doce sexenios; mentres que dous teñen dedicación a tempo parcial e contribúen coa súa experiencia cualificada no ámbito da Administración da Seguridade Social e da Inspección de Traballo. Na Universidade de Vigo hai 30 profesores, 17 dos cales son doutores, e de entre todos eles, 3 veñen de Portugal pola razón explicada no epígrafe “Acceso e admisión de estudantes”. Nembargante, compre indicar que nesta Universidade a docencia no Máster non é computada dentro da carga docente dos seus profesores, que deben asumila como externa a que teñen atribuída nos estudos dos graos. Por esta razón, precisan dun maior número de profesores, moitos deles profesionais no eido do Dereito Social máis procedentes da xudicatura, a inspección de traballo, a avogacía, etc., que poidan axudar a impartir as ensinanzas, ao cal se engade a necesaria presenza dos ensinantes lusos para a materia “Relacións transfronterizas no marco de la UE. Introducción ao Dereito social portugués”. Todo o cal dálle unha riqueza importante pola variedade de coñecementos prácticos e teóricos que poden transmitir.

A colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar é imprescindible. Nas Universidades de A Coruña e Santiago de Compostela, porque permite ampliar o número de docentes, aínda que o sexan en sesións extraordinarias sobre unha cuestión de máximo interese. Máis na Universidade de Vigo esa colaboración é vital. O feito recen explicado de non computar a docencia do Máster como docencia regrada na carga de cada un dos profesores da mesma, so pode compensarse invitando a profesionais do ámbito xurídico e económico para que colaboren no desenvolvemento da función. Por todo ilo, é frecuente que o alumnado coñeza e fórmese coa participación de expertos recoñecidos nas diferentes ramas de coñecemento que integran os estudos do Máster.

Segundo os datos fornecidos pola Universidade de A Coruña, o alumnado atópase satisfeito co cadro docente e a súa valoración respecto diso é de 3,64 puntos sobre 5. Pola súa banda, o profesorado está conforme coa súa asignación de docencia neste título que valora cun 4.30 sobre 5. Na USC a satisfacción do alumnado co cadro docente foi de 3,18, e na de Vigo do 3,41%.

Boas prácticas:

- Tal e como se explicou no informe don ano precedente, pensábase en institucionalizar a participación no Máster de profesionais externos e reforzar así a calidade da docencia pois o alumno coñece desde o principio as actividades ordinarias e extraordinarias que compoñen o ano académico. Aínda máis é un atractivo de face a formalizar a matrícula. Pois ben, a Universidade de Santiago xa ten aprobado o seu “Claustro de profesores externos”, composto por especialistas de todas as áreas de coñecemento con docencia no Máster dende a Comisión Académica do mesmo celebrada o 14 de outubro de 2013.
- Paralelo compromiso teñen feito as Universidades de A Coruña e Vigo que fan público o cadro docente do Título con indicación dos profesores da Institución e os externos.

Propostas de mellora:

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

--	--

Recursos materiais e servizos

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

satisfactoria		suficiente	X	insuficiente		Ausencia de evidencias documentais	
---------------	--	------------	---	--------------	--	------------------------------------	--

Reflexión (xustificación da valoración)/ Conclusións:

A dotación en equipamento prevista para a impartición do título é a adecuada para os obxectivos formativos. As aulas habilitadas para iso nas tres Universidades contan cos medios telemáticos e os equipos informáticos necesarios para servir á docencia. Outro tanto ocorre coas aulas auxiliares, en especial nas que se pode utilizar a videoconferencia, sistema que atopouse moi útil e económico en especial no caso de conferencias paralelas á docencia ordinaria do Máster, evitándose desta maneira o desprazamento dos alumnos dun campus a outro.

A biblioteca Concepción Arenal da Universidade de Santiago de Compostela, especializada en Ciencias Xurídicas e Sociais, conta con fondos bibliográficos extraordinarios pola súa antigüidade. A recente incorporación das Facultades de Relacións Laborais e de Ciencias Políticas permitiron incrementar aínda máis a súa riqueza e unir esforzos coa Facultade de Dereito para a súa conservación. Por todo isto, constitúe un recurso material clave.

Pola súa parte, a biblioteca da Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade de A Coruña, que se atopa centralizada no Campus de Ferrol, posúe os recursos bibliográficos suficientes para a titulación; e o mesmo pode dicirse da biblioteca da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

As tres Universidades subscribiron convenios con diferentes entidades para asegurar as prácticas externas do alumnado con empresas, Administracións públicas e despachos de avogados da zona onde se enclavan as dúas institucións docentes, o que asegura o correcto cumprimento do plan de estudos e completa a formación teórica daquel, aínda que se debe ter en conta o dito no epígrafe relativo a "Planificación das ensinanzas".

A Universidade de Santiago de Compostela subministra o dato de contar con 54 ordenadores fixos para as necesidades dos estudantes da Facultade de Relacións Laborais onde se imparte o Máster, de sorte que cada 9.8 estudantes dispoñen dun de tales ordenadores con conexión á rede.

As enquisas procedentes da Universidade da Coruña e referidas ao curso 2012-2013 determinan que o alumnado está satisfeito coas aulas e os espazos destinados ao traballo, concedendo unhas puntuacións de 4,70 e 4,81 sobre 7, respectivamente. En canto ás instalacións da biblioteca, as puntúan cun 3,50. O ítem sobre a Garantía de acceso ás distintas fontes de información, bases de datos, fondos bibliográficos valóranos cun 4,50.

Os datos subministrados pola Universidade de Santiago de Compostela non se refiren ao grao de satisfacción cos recursos materiais, se non á porcentaxe de estudantes que cursaron as prácticas externas, sendo o 100% neste Máster. Tamén a Universidade de Vigo arroxa o 100% de porcentaxe neste punto. Todo iso é, por outro lado, lóxico xa que ditas prácticas teñen a consideración de materia obrigatoria para obter o título.

Boas prácticas:

Publicación na páxina web da Facultade e institucional da UDC, dos recursos dispoñibles.

Propostas de mellora:

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

--	--

Resultados previstos

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

satisfactoria	X	suficiente		insuficiente		Ausencia de evidencias documentais	
---------------	---	------------	--	--------------	--	------------------------------------	--

Reflexión (xustificación da valoración)/ Conclusións:

Os resultados previstos poden ser analizados sobre os parámetros extraídos das taxas de rendemento, de avaliación e de éxito. Os datos subministrados pola Universidade de Santiago de Compostela son neste punto bastante precisos e sitúan a taxa de rendemento nun 84,9%, que é mellorable pero debe ser tido en conta as diferentes titulacións dos alumnos matriculados no Máster para os que resulta máis difícil alcanzar as competencias que noutros maniféstanse como "naturais" polos estudos cursados con anterioridade. A taxa de avaliación, que alude aos alumnos que se presentan a exame, atópase nun 86,9%, dentro de parámetros normais. E a taxa de éxito, do 97,7%, é moi elevada. A duración media dos estudos e dun ano, que estimase a correcta pois, entre as oportunidades de xuño e setembro que atañen ao traballo fin de máster, o alumno pode acadar o título xusto doce meses despois de comezar os seus estudos. Desafortunadamente, non se dispón de datos relativos á taxa de abandono, que permitiría obter con maior certeza unha conclusión. Malia iso, os resultados son en xeral satisfactorios.

Da Universidade de A Coruña dispóñense de máis e mellores datos. No ano 2011-2012, a taxa de rendemento oscila entre ou 90 e ou 100% (máis elevada que na Universidade de Santiago de Compostela); pero no 2012-2013 esta incrementábase ao 95.1%, superior á do conxunto da UDC para títulos de máster (90.89) e da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (92.22), o que se debe cualificar como moi satisfactorio. A de avaliación 95,2% e moito máis elevada ca acadada pola Universidade de Santiago de Compostela; mentres que a taxa de éxito é de 99,7%, excelente e moi próxima como se verá a da Universidade de Vigo

No referente á taxa de graduación, partindo dun resultado provisional de 89.3% (á espera dos resultados dos estudantes con materias pendentes do curso 2012/13, que previsiblemente finalizarán a titulación durante o presente curso) é moi superior á do conxunto da UDC para títulos de máster (57.14) e da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (52.72), o que se considera altamente satisfactorio.

A taxa de abandono (provisional pola circunstancia antes esgrimida) é do 10.7% encóntrase dentro dos parámetros normais, considerando a do conxunto da UDC para títulos de máster (10.28).

No que concirne á duración media dos estudos interesa mencionar que, nos seus inicios, o plan de estudos contaba con 120 créditos ECTS. No curso 2011/12 implantouse o novo plan cunha carga de 60 créditos ECTS. Os resultados melloran os do conxunto da UDC para títulos de máster (1.37) e da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (1.32). Na devandita taxa tamén se incorporan os estudantes con materias pendentes do curso 2012/13, e que previsiblemente finalizarán a titulación durante o ano académico 2013/14.

Pola súa banda, na Universidade de Vigo a taxa de éxito é dun 99,65%, cinco centésimas inferior a de A Coruña e moito máis elevada ca de Santiago de Compostela. En canto a taxa de Avaliación, co 96,97%, resulta a máis elevada das tres Universidades implicadas. Non obstante, a taxa de graduación 78,13% amosa bastante inferior a da Universidade de A Coruña, o que pode ser atribuído ao propio perfil do alumnado que compatibiliza máis o traballo e os estudos. A taxa de abandono é do 0%, ademais a duración media dos estudos, al igual que na Universidade de Santiago de Compostela, e de doce meses. En fin, datos todos eles moi positivos.

Tamén debe destacarse que nos devanditos datos inflúe de forma considerable o número de alumnos por profesor, cuxa maior porcentaxe vai en detrimento da calidade da docencia máxime coa implantación do Sistema Bolonia. Na Universidade de Santiago de Compostela, a relación é de 17,2 alumnos por profesor na clases expositivas e de 5,9 nas interactivas; en cambio, no Máster a relación é dun profesor cada 32 alumnos en todo caso.

Boas prácticas:

- Manter o nivel de esixencia.

Propostas de mellora:

- Encomendar á Universidade a mellora da *ratio* profesor-alumno.



BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

--	--

Sistema de garantía da calidade

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

satisfactoria		suficiente	X	insuficiente		Ausencia de evidencias documentais	
---------------	--	------------	---	--------------	--	------------------------------------	--

<p>Reflexión (xustificación da valoración)/ Conclusións: O Máster en Xestión e Dirección Laboral dispón dun Sistema de Garantía Interna de Calidade que asegura o control, a revisión e mellora continua do mesmo. Como a titulación ten un carácter interuniversitario, pois impártese polas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, correspondeulle á primeira a coordinación do seguimento da calidade. Para iso, dentro da Comisión de Calidade da Facultade de Relacións Laborais da citada Universidade de Santiago de Compostela efectúase o seguimento do título nesa Universidade e infórmase das vicisitudes do mesmo nas outras dúas Universidades. O material recompilado e os asuntos que se propoñan son obxecto de discusión e adopción de decisións na Comisión Interuniversitaria do Máster. A coordinación é aínda maior polo feito de que as Universidades de A Coruña e Vigo remiten a coordinadora da Universidade de Santiago de Compostela os datos e análise dos mesmos relativos ao título da correspondente Universidade. Todo iso supón un traballo conxunto e da mesma intensidade nas tres Universidades, independentemente de ca de Santiago de Compostela deba presentar o presente informe na súa condición de responsable principal.</p> <p>Boas prácticas: - Información pública do Sistema de Garantía Interna de Calidade de cada Facultade participante. - Reunión da Comisión Interuniversitaria previa a elaboración do informe de seguimento para avaliar as incidencias acontecidas no Máster en cada Universidade.</p> <p>Propostas de mellora:</p>
--

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Calendario de implantación

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

satisfactoria	X	Suficiente		insuficiente		Ausencia de evidencias documentais	
---------------	---	------------	--	--------------	--	------------------------------------	--

Reflexión (xustificación da valoración)/ Conclusións:

O Máster en Xestión e Dirección Laboral implantouse nas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo no curso académico 2007-2008, tendo naquel momento unha duración de dous anos e contando con 120 créditos ECTS. A periodicidade na oferta foi bienal.

Coincidindo co arranque dunha nova promoción, no ano 2009-2010, tras un proceso de verificación abreviado, implantouse un novo plan de estudos de tamén 120 créditos, no que se incorporou a esixencia dun Traballo fin de máster de acordo co lo que dispuxo o RD 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. No curso académico 2011-2012, introduciuse o actual Plan de estudos do Máster Interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral, adaptado plenamente ao sistema Boloña e coordinado coas materias dos graos que lle dan acceso. Nese momento, a súa duración pasou de ser bienal a anual e o número de créditos de 120 a 60.

En todo este percorrido, a Universidade de Vigo non podo ofertar o Máster nos cursos académicos 2009-2011 (aínda na súa modalidade bienal) e 2011-2012. Mais este problema foi corrixido con éxito no ano académico 2012-2013 e no presente, onde as tres Universidades ofertárono e estase impartindo con absoluta normalidade.

Boas prácticas:

Propostas de mellora:

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

--	--

ANEXO IV: PROPOSTA DE MELLORA

Criterio: Descrición do título

Denominación da proposta	Continuar coa mellora da información dirixida ao alumnado, proposta que comezou a aplicarse no 2012-2013.
Punto débil detectado	As competencias dos alumnos son bastante diferentes en atención aos estudos que efectuasen previamente. Isto suporía para algúns unha maior dificultade á hora de adquirir as competencias derivadas do Máster. Maila, temos verificado que o alumno coñece con máis profundidade o perfil do que estuda e do que desexa adquirir.
Ámbito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	A información dispoñible a través das páxinas web habilitadas nas Universidades, así como os <i>link</i> de conexión nelas consignados.
Actuacións a desenvolver	
Período de execución	30 setembro 2014.
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	Coordinador do Máster en cada Universidade: - Consuelo Ferreiro Regueiro (Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (Universidade de A Coruña) - Emma Rodríguez Rodríguez (Universidade de Vigo)
Indicadores de execución	

Criterio: Xustificación (I)

Denominación da proposta	Insistir na cumplimentación de enquisas polo alumnado e o profesorado
Punto débil detectado	Atinxe, en particular, á Universidade de Santiago de Compostela, no referente ao sistema de cumplimentación de enquisas que é "en liña" e, aínda que se ten mellorado, obtéñense moi poucos resultados.
Ámbito de aplicación	Universidade de Santiago de Compostela
Obxectivos específicos	Conseguir motivar a alumnos e profesores para cumprimentar as enquisas referidas á calidade do Máster.
Actuacións a desenvolver	Marcar unha data co alumnado para que cumprimenten as enquisas desde a aula informática do Centro.
Período de execución	Ano académico 2013-2014
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	Consuelo Ferreiro Regueiro (Universidade de Santiago de Compostela)
Indicadores de execución	

Criterio: Xustificación (II)

Denominación da proposta	Incrementar a satisfacción cos obxectivos do plan de estudos
Punto débil detectado	Mala valoración nas enquisas dos estudantes
Ámbito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	Dar a coñecer claramente os obxectivos do plan de estudos
Actuacións a desenvolver	<ul style="list-style-type: none"> - Presentar ditos obxectivos xerais na xornada de benvida. - Presentación dos obxectivos de cada materia na primeira sesión de cada unha de estas.
Período de execución	2013-2015
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	Coordinador do Máster en cada Universidade: <ul style="list-style-type: none"> - Consuelo Ferreiro Regueiro (Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (Universidade de A Coruña) - Emma Rodríguez Rodríguez (Universidade de Vigo)
Indicadores de execución	

Criterio: Competencias/Obxectivos (I)

Denominación da proposta	Cumplimentación de enquisas polo alumnado e o profesorado
Punto débil detectado	Debe elevarse a porcentaxe do grao de satisfacción dos estudantes co Máster, en especial nas Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña
Ámbito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	Repítese o indicado na "Proposta de mellora" relativa a "Xustificación"
Período de execución	30 setembro 2014
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	Coordinador do Máster en cada Universidade: - Consuelo Ferreiro Regueiro (Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (Universidade de A Coruña)
Indicadores de execución	

Criterio: Competencias/Obxectivos (II)

Denominación da proposta	Organización dun seminario sobre motivación
Punto débil detectado	As enquisas refliten un grao de satisfacción con Máster insuficiente e, en ocasións, apréciase unha falta de motivación do alumnado que prexudica o rendemento académico
Ámbito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	Identificar as competencias que poden ser adquiridas cos estudos do Máster e a súa utilidade, ao tempo que estimular aos estudantes e os profesores sobre a importancia de obter un bo rendemento no Máster, un mellor aproveitamento da oportunidade
Actuacións a desenvolver	Celebrar un seminario sobre motivación persoal e psicolóxica, impartido por expertos en xestión do persoal na empresa durante a segunda semana do ano académico
Período de execución	30 setembro 2014, o inicio do curso académico 2014-2015
Recursos/financiamento	Financiamento procedente da Consellería de Traballo e Benestar
Responsable do seguimento	<ul style="list-style-type: none"> - Consuelo Ferreiro Regueiro (coordinadora), Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (coordinador), Universidade de A Coruña - Jaime Cabeza Pereiro (director académico) e Emma Rodríguez Rodríguez (coordinadora), Universidade de Vigo
Indicadores de execución	

Criterio: Competencias/Obxectivos (III)

Denominación da proposta	Información sobre a situación profesional dos estudantes egresados.
Punto débil detectado	A ausencia de datos sobre os estudantes egresados dificulta a valoración do Máster en termos de saídas profesionais.
Ámbito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	Coñecer mellor as competencias adquiridas polo Máster que son máis demandadas no Mercado de Traballo.
Actuacións a desenvolver	Procurar a celebración dun convenio de colaboración entre o Servizo Público de Emprego de Galicia e as tres Universidades.
Período de execución	2013-2015
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	<ul style="list-style-type: none"> - Consuelo Ferreiro Regueiro (coordinadora), Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (coordinador), Universidade de A Coruña - Jaime Cabeza Pereiro (director académico) e Emma Rodríguez Rodríguez (coordinadora), Universidade de Vigo
Indicadores de execución	

Criterio: Competencias/Obxectivos (IV)

Denominación da proposta	Banco de datos de estudantes egresados.
Punto débil detectado	Relacionado co anterior, a ausencia de contacto cos estudantes egresados.
Ámbito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	Coñecer de primeira man a situación profesional dos egresados aos efectos de colaborar na orientación do seu progreso profesional e obter de eles información directa sobre a situación do mercado de Traballo para as competencias adquiridas a través do Máster.
Actuacións a desenvolver	- Constituír unha asociación de antigos alumnos.
Período de execución	2013-2014
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	- Consuelo Ferreiro Regueiro (coordinadora), Universidade de Santiago de Compostela - Moisés Alberto García Núñez (coordinador), Universidade de A Coruña - Jaime Cabeza Pereiro (director académico) e Emma Rodríguez Rodríguez (coordinadora), Universidade de Vigo
Indicadores de execución	

Criterio: Acceso e admisión de estudantes (I)

Denominación da proposta	Elaborar unhas guías informativas coa composición do claustro de profesores internos e externos e as sesións extraordinarias que impartirán, é dicir, unha planificación das actividades non regradas.
Punto débil detectado	O feito de organizar actividades ao longo do curso que sexan complementarias da docencia regrada do Máster sen anunciarlas dende o principio do ano académico amosa un certo grado de improvisación non conforme cun un título oficial.
Ámbito de aplicación	Universidade de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	
Período de execución	30 setembro 2014
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	<p>Coordinador do Máster en cada Universidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consuelo Ferreiro Regueiro (Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (Universidade de A Coruña) - Emma Rodríguez Rodríguez (Universidade de Vigo)
Indicadores de execución	

Criterio: Acceso e admisión de estudantes (II)

Denominación da proposta	Elaboración dunhas guías informativas coa composición do cadro de docentes e de profesores invitados e as sesións extraordinarias que impartirán, é dicir, unha planificación das actividades non oficiais
Punto débil detectado	Non se amosa ben as actividades anexas ao Máster que pola súa conta organizan cada unha das tres Universidades
Ambito de aplicación	Universidade de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	Ofrecer un Máster máis competitivo no que dende o exterior poda verse a súa oferta de formación obrigatoria e de actividades complementarias
Actuacións a desenvolver	Elaboración das devanditas guías
Período de execución	30 setembro 2014
Recursos/financiamento	Financiamento procedente da Consellería de Traballo e Benestar
Responsable do seguimento	Coordinador do Máster en cada Universidade: - Consuelo Ferreiro Regueiro (Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (Universidade de A Coruña) - Emma Rodríguez Rodríguez (Universidade de Vigo)
Indicadores de execución	

Criterio: Acceso e admisión de estudantes (III)

Denominación da proposta	Fomento da mobilidade de estudantes e profesores
Punto débil detectado	O intercambio de docentes e estudantes con outras universidades e aínda moi escaso
Ámbito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	Procurar a sinatura de convenios de colaboración a efectos deste Máster entre as tres Universidades galegas e as Universidades Porto, Miño e Lisboa, moi interesantes polo seu prestixio, e moi adecuadas por compartir unha realidade socioeconómica próxima
Período de execución	30 setembro 2014
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	<ul style="list-style-type: none"> - Consuelo Ferreiro Regueiro (coordinadora), Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (coordinador), Universidade de A Coruña - Jaime Cabeza Pereiro (director académico) e Emma Rodríguez Rodríguez (coordinadora), Universidade de Vigo
Indicadores de execución	

Criterio: Planificación das ensinanzas (I)

Denominación da proposta	Mellora da coordinación das prácticas
Punto débil detectado	Dificultade para ter a relación de entidades ao comezo do ano natural
Ámbito de aplicación	Universidade de Santiago de Compostela e A Coruña
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	<ul style="list-style-type: none"> - Dende a coordinación do Máster da Universidade de A Coruña se propón mellorar o seu propio protocolo de actuación para acadar o resultado - Dende a coordinación do Máster da Universidade de Santiago de Compostela, se insta a que a propia Universidade coordine la celebración de convenios de colaboración en materia de prácticas externas dos estudantes, así como a selección de las entidades coas cales se suscriben
Período de execución	30 setembro 2014
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	Coordinador do Máster en cada Universidade: <ul style="list-style-type: none"> - Consuelo Ferreiro Regueiro (Universidade de Santiago de Compostela) - Moisés Alberto García Núñez (Universidade de A Coruña)
Indicadores de execución	

Criterio: Planificación das ensinanzas (II)

Denominación da proposta	Mellorar a coordinación entre as tres Universidades nas materias comúns do primeiro cuatrimestre
Punto débil detectado	Pode apreciarse un certo solapamento entre as materias
Ámbito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	Reunión da Comisión Interuniversitaria do Máster para coordinar e unificar os criterios
Período de execución	30 setembro 2014
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	<ul style="list-style-type: none"> - Consuelo Ferreiro Regueiro (coordinadora), Universidade de Santiago de Compostela - Moisés Alberto García Núñez (coordinador), Universidade de A Coruña - Emma Rodríguez Rodríguez (coordinadora), Universidade de Vigo
Indicadores de execución	

Criterio: Recursos humanos

Denominación da proposta	Facilitar o alumnado o acceso ao persoal da Administración da Universidade encargado da xestión do Máster
Punto débil detectado	En especial, na Universidade de A Coruña, pero é extensible as outras dúas Universidades, o descoñecemento das instancias onde se xestiona o Máster
Ambito de aplicación	Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	Introducir tales datos nas correspondentes páxinas web
Período de execución	30 setembro 2014
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	<ul style="list-style-type: none"> - Consuelo Ferreiro Regueiro (coordinadora), Universidade de Santiago de Compostela - Moisés Alberto García Núñez (coordinador), Universidade de A Coruña - Emma Rodríguez Rodríguez (coordinadora), Universidade de Vigo
Indicadores de execución	

ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no Informe Final	Accións levadas a cabo

INFORME DE SEGUIMIENTO 2010/2011	
DESCRIPCIÓN DO TÍTULO: INFORMACIÓN PÚBLICA: Carencias de información na web	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada
XUSTIFICACIÓN: INFORMACIÓN PÚBLICA: Ningunha das webs contén a información sobre a xustificación do título. Os enlaces facilitados no informe de seguimento non funcionan.	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada
OBXECTIVOS/COMPETENCIAS: INFORMACIÓN PÚBLICA: A web da UDC recolle competencias pero non obxectivos.	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada
PLANIFICACIÓN DOS ENSINOS: INFORMACIÓN PÚBLICA: A información neste criterio está completa na UDC, salvo o plan de acción tutorial, respecto do cal non hai información.	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada
RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: INFORMACIÓN PÚBLICA: Na UDC non se atopou información sobre recursos materiais, únicamente un plano do edificio na web do centro.	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada
RESULTADOS: INFORMACIÓN PÚBLICA: Os resultados na web da UDC http://sgic.udc.é/seguemento.php mostran un pdf baleiro.	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada
SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE: INFORMACIÓN PÚBLICA: Na da UDC, en: http://sgic.udc.é/seguemento.php na Facultade de Ciencias do Traballo só hai información do grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos.	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada
CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN: INFORMACIÓN PÚBLICA: Non figura na web propia nin na da UDC información sobre o calendario de implantación.	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada
En canto á valoración do cumprimento do proxecto establecido e os resultados obtidos, detección de boas prácticas, desviacións e toma de decisións en: A DESCRIPCIÓN DO TÍTULO, XUSTIFICACIÓN, OBXECTIVOS/COMPETENCIAS, ACCESO e ADMISIÓN, PLANIFICACIÓN DOS ENSINOS, RECURSOS	Procedeuse a cumprimentar a información solicitada